



CG/ap

Asunto	Informe dentro do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria	Clave	PE-CO-002-18(1)
Proxecto	Parque eólico Banzas		
Espazo natural	Ningún		
Concello	Outes, Negreira e Mazaricos		
Provincia	A Coruña		
Solicitante	Servizo de Enerxía e Minas	Ref.	IN408A 2017/15
Promotor	Green Capital Power, SL	Ref.	

I. Antecedentes administrativos.

Mediante oficio do 12/11/2020 do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Empresa e Innovación ten entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, solicitude de informe sobre a documentación que se achega co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctricas, así como no artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e demais normativa vixente de aplicación.

A documentación que se adxunta correspóndese con:

- "PROYECTO SECTORIAL PARQUE EÓLICO BANZAS. SEPTIEMBRE 2020".
- "PROYECTO PARQUE EÓLICO BANZAS. Septiembre 2020".
- "ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL PARQUE EÓLICO BANZAS. Septiembre 2020"

Na elaboración do informe tívose en consideración a información achegada coa solicitude remitida, así como as observacións formuladas polo Servizo Provincial de Patrimonio Natural da Coruña, no documento subscrito o 11/05/2021.





II. Resumo do proxecto.

O proxecto consiste na execución dun parque eólico de 31,185 MW de potencia total que se sitúa nos términos municipais de Outes, Negreira y Mazaricos, na provincia de A Coruña, composto por 9 aeroxeradores (de 3,465 MW de potencia unitaria) e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado, subestación transformadora 33/220 kV e unha torre meteorolóxica).

Segundo a información proporcionada polo estudio de impacto ambiental (en adiante EsIA) as superficies de actuación ascenden a 13,7 ha. Para a fase de explotación, unha vez restauradas as superficies de actuación temporal (plataformas de montaxe, zona de acopio, gabias de cableado, cimentacións, taludes de plataformas e vieiros e zonas de obra para a execución da torre de medición da SET), quedaría ocupada unha superficie de 4,8 ha.

No estudo ambiental refírese que unidades vexetais actuais se ven afectadas polas infraestruturas que compoñen o parque eólico trala comprobación en campo. Estas poden visualizarse no cadro seguinte extraído do EsIA:

TABLA DE COMUNIDADES VEGETALES PRESENTES EN LA ZONA DE ESTUDIO			
COMUNIDADES VEGETALES	UNIDAD AMBIENTAL	ESPECIES DOMINANTES	INFRAESTRUCTURA PE ABRENTA AFECTADA
AGROSISTEMAS	Formaciones de herbáceas	<i>Agrostis capillaris</i> , <i>Avenula marginata</i> subsp. <i>sulcata</i> , <i>Trifolium pratense</i> , <i>Trifolium repens</i> , <i>Avena barbata</i> , <i>Holcus lanatus</i> , <i>Anthoxanthum odoratum</i> , <i>Lolium perenne</i> , <i>Festuca</i> sp., <i>Poa pratensis</i> , <i>Poa trivialis</i> , <i>Holcus lanatus</i> , <i>Festuca rubra</i> y <i>Dactylis glomerata</i> .	- Aerogeneradores BZ1, BZ2, BZ5, BZ6, BZ7 - Zona de acopio - Subestación y edificio de control
BOSQUES	Formaciones arbóreas autóctonas (acompañadas de pinos y eucaliptos)	<i>Quercus robur</i> , <i>Castanea sativa</i> , <i>Betula alba</i> , <i>Alnus glutinosa</i> y <i>Salix</i> sp..	- No se afectaría, y de producirse afección sería sobre ejemplares dispersos de pequeño porte
REPOBLACIONES	Formaciones arbóreas de origen antrópico	<i>Eucaliptus globulus</i> , <i>Pinus pinaster</i> y <i>P. radiata</i> .	- Aerogeneradores BZ3, BZ4, BZ7, BZ8, BZ9
MATORRAL	Matorral (combinado con pastizal, rocas y especies arbóreas)	<i>Erica arbórea</i> , <i>Erica umbellata</i> , <i>Erica mackaiana</i> , <i>Erica ciliaris</i> , <i>Ulex europaeus</i> , <i>Ulex gallii</i> , <i>Calluna vulgaris</i> , <i>Daboecia cantábrica</i> , <i>Lithodora prostata</i> , <i>Rubus</i> spp., <i>Pteridium aquilinum</i> .	- Aerogeneradores BZ3, BZ4, BZ8, BZ9 - Torre de medición





No EsIA cuantifícase a afección por unidades vexetais nas seguintes contías superficiais :

Agrosistemas	Repoblaciones	Matorral
61.147 m ²	35.053 m ²	41.031 m ²

III. Análise da documentación.

Examinada a documentación recibida e considerando a información achegada polo Servizo de Patrimonio Natural da Coruña de data 11/05/2021, realízase a seguinte análise:

1. O lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
2. De conformidade co artigo 75 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, a zona de actuación non está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais.
3. Revisado o Inventario de humidais de Galicia (IHG), creado polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia, obsérvase que, o desenvolvemento do proxecto, non afecta a ningunha das zonas húmidas recollidas no dito inventario.
4. O proxecto non afecta a áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade autónoma de Galicia en que



serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

5. A zona de afección esténdese, desde un punto de vista hidrográfico, entre a conca do río Tines, polo oeste, pertencente á conca da ría de Muros e Noia, e a conca do río Tambre polo leste.

Os arroios que se atopan dentro dos límites da poligonal son o rego da Costa e rego Bao de Nosiña, que verten as súas augas ao río Tines; e o rego de Brañas, Vilar de Abaixo, rego da Cascoxa e o río de Banzas, que verten as súas augas ao río Donas, que á súa vez é afluente do Tambre, no cal tamén verte as súas augas o rego Xallas.

Segundo se recolle no EsIA, o aeroxerador BZ2 e en torno aos 287 m do vial cara ao aeroxerador BZ3 e BZ4 sitúanse sobre un arroio cartografado de nome descoñecido. Así mesmo se indica que nas inmediacións do aeroxerador BZ2 existe unha charca, en concreto, todo o prado onde se localiza o BZ2 que é unha zona que coas choivas se encharca. En último lugar se explicita o nacemento de pequenos arroios dependentes da pluviosidade entre a zona de provisión e a subestación, e nas proximidades da plataforma do aeroxerador BZ6.

6. De conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (actual Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), na zona de actuación localízanse teselas onde se identificaron os seguintes hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios (*):

Código UE	Prioritario	Denominación
4030	Non	Brezales secos europeos
4090	Non	Brezales oromediterráneos endémicos con aliaga
4020*	Si	Brezales húmedos atlánticos de zona templadas de <i>Erica ciliaris</i> y <i>Erica tetralix</i>

Na documentación achegada indicase que pese a que se observa na cartografía que os aeroxeradores BZ5, BZ6, BZ7, BZ8 e BZ9, así como os vieiros para acceder aos mesmos, sitúanse sobre os hábitats 4030, 4090 e 4020*, tras a prospección in situ, identifican só a presenza de zonas dedicadas á repoboación forestal e a





producción agrícola-gandeira e afírmase que non se asentarán sobre hábitat de interese comunitario nin natural prioritario.

7. No ámbito de actuación non están presentes árbores ou formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.
8. Segundo se deriva da información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, as cuadrículas nas que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10x10 29TNH05 e 29TNH04), correspóndense coa área de distribución das seguintes especies protexidas, incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA):

Especie	CGEA
ANFIBIOS	
Chioglossa lusitanica	Vulnerable
Rana iberica	Vulnerable
Rana temporaria	Vulnerable
INVERTEBRADOS	
Charonia lampas	Vulnerable
Echinus esculentus	Vulnerable
Elona quimperiana	En perigo de extinción
Margaritifera margaritifera	En perigo de extinción
FLORA	
Dryopteris guanchica	Vulnerable
Euphorbia uliginosa	En perigo de extinción
Hymenophyllum tunbrigense	Vulnerable
Isoetes fluitans	En perigo de extinción
Sphagnum pylaesii	Vulnerable
Woodwardia radicans	Vulnerable
AVES	
Anas crecca	En perigo de extinción (1)
Circus cyaneus	Vulnerable
Circus pygargus	Vulnerable
Emberiza schoeniclus	En perigo de extinción
Gallinago gallinago	En perigo de extinción (1)
Milvus milvus	En perigo de extinción
Numenius arquata ¹	En perigo de extinción (1)





Scolopax rusticola	Vulnerable (1)
Vanellus vanellus ²	En perigo de extinción (1)
MAMÍFEROS	
Rhinolophus euryale	Vulnerable
Rhinolophus ferrumequinum	Vulnerable
Rhinolophus hipposideros	Vulnerable

(1):poblaciones nidificantes

Non obstante, cabe salientar que os datos sinalados anteriormente están referidos a información asociada a unha cuadrícula 10x10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara á realización da análise.

De acordo co indicado no EsIA en canto á fauna inventariada en campo durante un período anual completo, detectáronse un total de 37 especies, incluíndo 32 especies de aves e 5 mamíferos. Ningún dos cales ostenta ás categorías de vulnerable ou en perigo de extinción segundo os catálogos galegos e estatal. Destacar que no EsIA se indica que nos traballos de campo non foi detectado o lobo, a pesares de indicarse que o proxecto emprazase nunha área na que *Canis lupus* ten unhas densidades importantes.

En relación á flora explíctase no EsIA que non se afectan especies senlleiras ou protexidas.

9. O proxecto está afectado polos seguintes plans de conservación e recuperación de especies de fauna e flora:

- ❖ O proxecto está incluído dentro do ámbito de aplicación do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia, aprobado mediante Decreto 75/2013, do 10 de maio, localizándose sobre unha área tipificada como potencial. Este taxon está cualificado como en perigo de extinción no Catálogo galego de especies ameazadas. Non obstante, de conformidade co IHG e co artigo 6 do decreto anteriormente referido, non se prevé ningunha

1 Segundo o Seguimento de Aves 26 “Aves acuáticas reproductoras en España - Población en 2007 y método de censo” publicado por SEO-BirdLife, non é previsible atopar parellas nidificantes nesta zona.

2 Segundo o “Atlas de aves reproductoras” publicado polo MITECO en 2003, non é previsible encontrar parellas nidificantes nesta zona.





afección sobre a especie, ao non confirmarse a existencia de ningún humedal no ámbito de actuación:

Artigo 6. Área de distribución potencial

No presente plan inclúense na área de distribución potencial todos aqueles humidais costeiros que poderían ser empregados pola subespecie ben como áreas de descanso durante movementos dispersivos ou entre as áreas de distribución actual, ou ben en épocas diferentes ás de cría, en especial durante o inverno. A delimitación da zona inclúe todos os humidais de Galicia con vexetación palustre de gran porte presentes entre a liña de costa e 15 km cara ao interior, e represéntase graficamente no anexo II.

10. A zona de actuación sitúase no ámbito de propostas técnicas de zonificación de plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, das que se obtén a seguinte información:

Especie	Categoría	Zonificación
<i>Dryopteris guanchica</i>	Vulnerable	Área de presenza
<i>Woodwardia radicans</i>	Vulnerable	Área de presenza
<i>Hymenophyllum tumbriguense</i>	Vulnerable	Área de presenza

11. A continuación recóllense as observacións de interese efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural de A Coruña relacionadas cos valores naturais:

- ❖ Segundo o EsIA non se teñen detectados impactos sobre HIC, aínda que se bota de menos unha análise pormenorizada e cartográfica das afeccións sobre os matos que xustifique a súa condición en relación aos HIC, atendendo sobre todo a extensa superficie que se afecta.
- ❖ Non son analizados os efectos sinérxicos con outras instalacións próximas, principalmente coa necesaria liña de evacuación que se proxecte.
- ❖ Pola súa parte o EsIA diseña unha metodoloxía para determinar a importancia das colisións sobre a avifauna, e deste modo aplicar as medidas axeitadas en canto á xestión das instalacións, definindo un limiar de alerta e un limiar crítico.

IV. Conclusións.

Á vista dos antecedentes, da análise da documentación e das achegas efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural da Coruña de 11/05/2021, considérase que non é



previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, sempre e cando se garanta o cumprimento das medidas contempladas na documentación achegada.

Non obstante o anterior engadir que a principal carencia do estudo de impacto ambiental é o relativo ás medidas a aplicar para a avifauna e os quirópteros, polo que se fai oportuno que o proxecto incorpore medidas adicionais que garantan a minimización do impacto por colisión, tal que:

Para os quirópteros:

- Restrinxirase a rotación das pas das turbinas o máis posible por baixo da velocidade de réxime, determinando a velocidade do vento en buxe por baixo da cal os aeroxeradores permanecerán parados.

No plan de vixilancia ambiental informárase sobre os tempos que a velocidade do vento foi inferior ao limiar establecido e a porcentaxe en que os aeroxeradores permaneceron parados por este motivo.

Para as aves:

- Implementar tecnoloxías de redución do impacto por colisións como sistemas de detección baseados en vídeo (DtBird ou similar), que son sistemas que traballan de forma independente para facer un seguimento das aves e mitigar a mortalidade nos emprazamentos de turbinas eólicas. O sistema detecta as aves automaticamente e pode adoptar dúas medidas independentes para mitigar o risco de colisión das aves: activar sons de alerta ou parar a turbina eólica.

Considerando que as aves rapaces detectadas voaban nas proximidades dos emprazamentos dos aeroxeradores, o sistema deberá previr a colisión de *Buteo buteo*, *Circaetus gallicus* e *Falco tinnunculus*. Se, durante os traballos de vixilancia ambiental detectásen se outras especies de rapaces, o sistema deberá ampliar o seu paraugas de protección a estas.

- Como medida disuasoria pasiva, o pintado en negro dunha das aspas de cada un dos aeroxeradores.

O plan de vixilancia ambiental medirá a mortalidade observada neste parque e a comparará coa mortalidade dos parques lindeiros xa existentes (con



aeroxeradores sen pintar) para informar si a medida é ou non eficaz, e para que especies.

O estudo no que se basea esta proposta é "Paint it black: Efficacy of increased wind turbine rotor blade visibility to reduce avian fatalities. Roel May, Torgeir Nygård, Ulla Falkdalen, Jens Åström, Øyvind Hamre".

O plan de vixilancia ambiental avaliará tanto o impacto do parque eólico por colisión sobre as aves e os morcegos, como a efectividade das medidas requiridas nos parágrafos anteriores.

Noutro orde de cousas, e en relación ao lobo, tense que dar cumprimento ao punto 18 ("Efecto barreira das infraestruturas"), apartado 5, do Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia. Neste senso, no primeiro ano de funcionamento do parque eólico, como parte do plan de vixilancia ambiental, débese remitir á Dirección Xeral de Patrimonio Natural un estudo con datos sólidos sobre a presenza de lobos na área de influencia do parque eólico e debe realizarse unha avaliación e seguimento das afeccións da instalación eólica sobre a poboación de lobos; estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc.

Finalmente indicar que antes do inicio dos traballos levarase a cabo unha prospección minuciosa para constatar a presenza ou ausencia de especies do catálogo comunicándoo, en caso de detección, ao Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra, xunto coas medidas que se propoñan. Así mesmo sinalar que se durante a execución apareceran afeccións ao medio natural non contempladas na documentación achegada, neste informe e/ou na tramitación ambiental, deberán paralizarse as actuacións e informar de maneira inmediata ao servizo de Patrimonio Natural, para a avaliación e tratamento desta/s afección/s.

O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos debendo cumprir o establecido no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.



Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Carlos González Andrés

Tomás Fernández-Couto Juanas